



AXUDAS A ASOCIACIÓNS (Deputación).

Informamos do prazo de solicitude de subvencións da Deputación da Coruña a entidades sen ánimo de lucro:

- - Actividades culturais durante o ano 2022: O prazo para solicitálas remata o día **4-03-2022**. (FO203/2022). Bases reguladoras publicadas no BOP do día 24-01-2022. Subvencionarase o desenvolvemento de proxectos culturais orientados á información e sensibilización social sobre o campo de traballo das entidades peticionarias e ao traballo cos seus destinatarios directos a través de contidos artísticos e culturais.
- - Investimentos culturais durante o ano 2022: O prazo para solicitálas remata o día **4-03-2022**. (FO204/2022). Bases reguladoras publicadas no BOP do día 24-01-2022. Son gastos subvencionables os equipamentos e moblaxe; realización de reformas, ampliación e mellora de inmobles de titularidade da entidade solicitante; compra de materiais de uso técnico e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade.

Son BENEFICIARIAS as entidades sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia da Coruña. Cantidade subvencionable: ata o 80% do orzamento de gastos

As entidades interesadas deberán presentar a solicitude a través da plataforma telemática Subtel da Deputación da Coruña. <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>

- - Infraestruturas e equipamento deportivo durante o ano 2022: O prazo para solicitálas remata o día 08-03-2022. No BOP do día 26-01-2022 publícanse as bases reguladoras do programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para infraestruturas e equipamento deportivo durante o ano 2022 (FO104/2022), e o extracto publícase o día 7-02-2022. Realización de investimentos deportivos: adquisición, rehabilitación ou mellora de instalacións propias da entidade, obra nova, bens inventariables, e equipamentos.



- - Actividades físicas de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2022: **O prazo para solicialas remata o día 08-03-2022**. No BOP do día 26-01-2022 publícanse as bases reguladoras do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2022. (FO103A/2022). O extracto publícase no BOP do día 7-02-2022.

- - Subvencións a clubs deportivos para o ano 2022. Extracto publicado no BOP do día 7-02-2022. **O prazo de solicitude remata o día 8 de marzo de 2022**.